



Funcionamento da mesa sectorial

Desde a CIG-Ensino estamos cansos de trasladar cuestións que consideramos de relevancia sen recibir despois resposta das direccións xerais que non están presentes. A Consellaría é UNHA, NON TRES. Cando un sindicato formula unha pregunta, unha queixa ou calquera consideración, o normal é obter resposta na propia reunión ou no menor prazo posíbel.

Pola contra, o xeito de actuar da Consellaría é tratar os temas como compartimentos estancos: unha dirección xeral non sabe o que fai a outra.

Como CIG-Ensino consideramos que:

- o director xeral de centros e recursos humanos, como presidente da Mesa, ten que presidir todas as reunións e responsabilizarse de que as cuestións formuladas en “temas varios” nas Mesas cheguen ás direccións xerais non presentes nas reunións.
- Debe existir resposta a todos os temas que se formulan nas Mesas.
- Non é de recibo que a directora xeral de Formación Profesional aínda non tivera a ben pasarse por esta mesa sectorial, despois de varios meses no cargo.

Orde para o recoñecemento de funcións docentes

A Consellaría recoñeceu en mesa sectorial que era legalmente factíbel regular funcións que a día de hoxe non teñen recoñecemento retributivo nin administrativo (redución

horaria ou de puntuación), como é o caso de igualdade, benestar, bibliotecas, xefaturas de departamento de ámbitos na FP Básica ou segundas linguas estranxeiras.

Na última Mesa a Dirección Xeral de Centros indicou que a responsabilidade desa orde recae na Dirección Xeral de Ordenación. Hoxe está presente nesta Mesa e queremos que se nos aclare se hai ou non dispoñibilidade para negociar esa orde na Nesa.

A directora xeral di que toma nota e que regularán o que non estea regulado.

Obrigatoriedade do módulo de Inglés Técnico na FP Dual

Trasládannos desde varios centros que veñen de recibir instrucións orais de que teñen que redefinir os currículos dos Ciclos de FP Dual que se inicien ou se renoven no próximo curso para incluír de forma obrigatoria o módulo de Inglés Técnico tanto en 1º como en 2º curso. En primeiro lugar, non é de recibo que estas instrucións non teñan unha base normativa concreta. En segundo, a estas alturas de curso e sen definir sequer que nivel lingüístico vai ter o profesorado que imparta este módulo, a Consellaría actúa con total improvisación e deixa de novo nas mans do persoal docente que se forme ou actualice os seus coñecementos neste idioma pola súa conta, sen licenzas retribuídas, programas Piale ou outro tipo de accións formativas específicas. Máis ben todo o contrario ao quitar a posibilidade de realizar as estadías formativas en empresas no estranxeiro. Preocúpanos

ademais como vai distorsionar esta nova demanda de titulación para o profesorado na próxima adxudicación do CADP, dado que é probábel que saian moitas prazas de especialidades de FP con perfil lingüístico. En calquera caso, este cambio debería ter sido negociado coas organizacións sindicais porque é necesario poñer enriba da mesa quen é o persoal docente máis idóneo para impartir este módulo e que vai pasar nos centros nos que non haxa persoal con esta titulación ou, aínda posuíndoa, non estea disposto a impartilo. Ademais, a nivel académico, o profesorado encargado de xestionar os convenios coas empresas dunha modalidade que a CIG-Ensino segue criticando por privatizadora e por mermar a calidade educativa do alumnado, sen ter ningún dato real que avale as súas supostas bondades, vese nestes intreos ante a tesitura de ter que restarlle horario aos módulos profesionais para incorporar 100 horas dentro das 2000 que teñen os ciclos formativos, sen que haxa un criterio común e deixando nas súas mans responsabilidades que non lle corresponden.

A Xunta pretende limitar as ensinanzas de persoas adultas, que cursan actualmente 10.000 persoas, nunha Lei que está sendo tramitada sen contar co profesorado

O Anteproxecto de Lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta non contempla o mantemento do actual sistema de ensino público presencial do que forman parte 11 EPAPUS e 106 IES espallados por todo o país, no que se imparten ensinanzas básicas, Educación Secundaria e Bacharelato para persoas adultas e ciclos formativos a distancia e en réxime modular.

O anteproxecto presentado pola Xunta céntrase exclusivamente na ensinanza para persoas adultas a distancia, dependente dun organismo de nova creación (o IGALVA), un modelo a distancia que xa funciona nestes momentos no IES San Clemente pero que non é incompatíbel co mantemento da rede de centros descentralizada na que actualmente traballan máis de 300 docentes.

A aposta por unha educación de persoas adultas exclusiva ou moi maioritariamente a distancia implicaría un empeoramento da oferta educativa, a desatención de moito alumnado e a perda de moitos postos de traballo de profesorado, tanto nas EPAPU como nos IES con réxime de persoas adultas.

Desde a CIG-Ensino esiximos a retirada do anteproxecto de lei e a apertura dunha fase de debate e negociación sobre o futuro do sistema de aprendizaxe de persoas adultas no país, preservando e potenciando as tres modalidades existentes (presencial, semipresencial e a distancia).

Formación do profesorado no rural

A perda de axudas por gasto de formación para o profesorado afonda aínda máis na fenda existente entre o rural e o urbano, e tamén na fenda dixital. O profesorado do rural ten que desprazarse con frecuencia a ámbitos urbanos a recibir formación (formación presencial máis frecuente relacionada coa tecnoloxía, pero non só). A ampliación da oferta formativa para o profesorado dun xeito descentralizado, por comarcas, máis próxima aos centros, loitaría contra esta fenda no acceso á formación recibida polo profesorado no ámbito rural respecto ao urbano, que chega finalmente ás aulas.